



CIRCULAR INFORMATIVA 9/2021

1. XIV XORNADA XUSTIZA E LINGUA: REFLEXIÓNS PARA A NORMALIZACIÓN (o xoves 4 de novembro, ás 20.00 h)

Tras a interrupción do ano pasado motivada pola Covid-19, volvemos retomar a nosa cita anual con esta xornada, que chega á súa décimo cuarta edición, co obxectivo de seguir promovendo a reflexión acerca do proceso de normalización lingüística no ámbito da xustiza.

Nesta ocasión a xornada presenta unha mesa redonda, baixo o título **“O galego como opción lingüística na práctica xudicial”**, na que participarán **Pedro Trepát** (colexiado 547 do ICAS), **Clodio González** (etnógrafo e historiador) e **Quico Cadaval** (actor, director e narrador). Con carácter previo terá lugar unha breve intervención a cargo do decano Francisco Rabuñal e do secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García.

Día: xoves, 4 de novembro de 2021

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Hora: de 20.00 h

Prazas: 40

Inscrición: gratuíta, cubrindo o [boletín de inscrición](http://www.icasantiago.org) en www.icasantiago.org

Certificación de asistencia: expedida polo ICA de Santiago e pola Xunta de Galicia

Programa: (díptico e cartel na páxina web)

20.00 h. Acto de apertura

D. Francisco J. Rabuñal Mosquera, decano do ICA de Santiago

D. Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística

20.15 h. Mesa redonda: **“O galego como opción lingüística na práctica xudicial”**

D. **Pedro Trepát Silva**, avogado, colexiado 547 do ICA Santiago

D. **Clodio González Pérez**, etnógrafo e historiador

D. **Quico Cadaval**, actor, director e narrador

Modera: D^a **M^a del Carmen González Ferro**, vicedecana do ICA Santiago

21.30 h. Clausura da xornada

2. XORNADAS SOBRE AS MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS POLA LEI ORGÁNICA 8/2021 DE PROTECCIÓN INTEGRAL DA INFANCIA E POLA LEI 8/2021 DE APOIO ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO EXERCICIO DA SÚA CAPACIDADE XURÍDICA (17 e 23 de novembro, ás 18.00 h)

O Colexio de Avogados, en colaboración coa Escola de Práctica Xurídica, organiza estas xornadas para abordar as importantes modificacións introducidas pola Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral da infancia e pola Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio de persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.



CIRCULAR INFORMATIVA 9/2021

Días: 17 e 23 de novembro

Hora: 18.00 a 20.30 h

Lugar: salón de actos da facultade de Ciencias Políticas (avda. do Dr. Ángel Jorge Echeverri, s/n, Campus Vida –en fronte da facultade de Dereito)

Modalidade: presencial

Prazas: 200 (por orde de inscrición)

Matrícula: gratuíta para colexiados/as do ICA Santiago e alumando do MUA; 150 € para as demais persoas interesadas

Inscrición: por medio de solicitude escrita, que se remitirá ao correo icajuzgado@icasantiago.org

Prazo: ata o venres 12 ás 14.00 h ou ata completar as prazas dispoñibles (avisarase cunha nota cando se cubran as prazas)

Programa:

1ª sesión. Mércores 17 de novembro, 18.00 a 20.30 h

– **“Aspectos substantivos da Lei 8/2021”**

Relatora: D^a **María Paz García Rubio**, catedrática de Dereito Civil da USC

– **“Lei 8/2021, do 2 de xuño. Observacións sobre a súa práctica”**

Relatora: D^a **María Inmaculada Espiñeira Soto**, notaria de Santiago de Compostela

2ª sesión. Martes 23 de novembro, 18.00 a 20.30 h

– **“Medidas de apoio no exercicio da capacidade: garda de feito, curatela e defensor xudicial”**

Relatora: D^a **Fuencisla Ladrón de Cegama Escudero**, fiscal da Área de Santiago de Compostela

– **“Cuestións prácticas nos novos procesos da Lei 8/2021”**

Relator: D. **Roberto Soto Sola**, maxistrado do Xulgado de 1ª Instancia Núm. 6 de Santiago de Compostela.